

200

Do suxectivo e prometedor título *Lingua, nación e identidade* esperabamos un libro máis acabado, cheo de achegas e afastado de tópicos, e ben fundamentado desde unha perspectiva científica e imparcial.

Á marxe destas eivas -que o lector interesado pode profundar na recensión que do libro fai, en *Vieiros*, o profesor Manuel Rodríguez Alonso-, algúns dos artigos ou partes deles xa nos eran coñecidos por seren publicados con anterioridade en *A Nosa Terra*. E abofé que, no xornalismo, todo o anterior é máis tolerable, e mesmo máis transmisible, como as argumentacións a prol de certos usos verbais.

Pertencendo o profesor Freixeiro á corrente reintegracionista, xustifica así a asunción da normativa de concordia, entendéndoa como unha estación no proceso: “Claro está que non son as novas normas aprobadas aquelas que o movemento reintegracionista propuña ou desexaba. Mais o aproveitamento de todas as posibilidades recollidas nelas [...], así como o explícito re-

Identidades

Máis sobre a orientación normativa



XOSÉ FEIXÓ



xical, permiten o asentamento dun modelo de lingua máis auténtico e, por iso, máis ‘reintegrado’.

Con todo, se collemos dúas páxinas ao azar, p. e. a 212 e 213, poderemos atopar léxico non normativo, como *avanzo* (por “avance”), *suceseo* (por “éxito” ou “fortuna”), *acreditaba* (por “cría”), *redixidos* (por “redactados”), ou usos incorrectos, como *en grande parte* (por “en gran parte”), ou mesmo a escolla de palabras que a RAG cha-

ma *toleradas* (como *gosto*, por “gusto”), pero que non recomenda, e que son aturadas só elas, pero nada máis (p. e., atúrase *agua* pero non **aguardente*, **aguaceiro*, **aguamar*, **paraguas*...), co que, claramente, son máis discriminadas de facto. O que non sabemos é se se trata de erros involuntarios de Freixeiro ou dunha súa estratexia para ir facendo, como quen non quere a cousa, camiño de reintegración. Sexa como for, non parece nin desculpable o primeiro nin recomendable o segundo. O que si resulta máis honrado é propoñer, como fai Rodríguez Alonso, abrir o debate “sobre o galego que queremos para o noso ensino, se o castellanizante dos dicionarios da RAG ou máis afastado do castelán e próximo ao portugués, como propón Freixeiro”. E por iso posiblemente sexa o capítulo da normativización o mellor, por poder ser o punto de partida dese debate. Os demais, para os iniciados, son totalmente prescindibles. Para o resto, outro punto de partida.

FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón, *Lingua, nación e identidade*, Ed. Laivento, Santiago, 2006, 255 páxinas.